



## Guía Docente

| Datos Identificativos     |  |                           |  |           | 2021/22 |
|---------------------------|--|---------------------------|--|-----------|---------|
| <b>Asignatura (*)</b>     | As tecnoloxías da información e comunicación nas artes plásticas e visuais                 |                           | <b>Código</b>                                  | 652611B12 |         |
| <b>Titulación</b>         | 8 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Artes Plásticas e Visuais |                           |  |           |         |
| Descritores               |  |                           |  |           |         |
| Ciclo                     | Período  | Curso                     | Tipo   | Créditos  |         |
| Mestrado Oficial          | Anual  | Primeiro                  | Obrigatoria                                    | 3         |         |
| <b>Idioma</b>             | Castelán   |                           |  |           |         |
| <b>Modalidade docente</b> | Presencial   |                           |  |           |         |
| <b>Prerrequisitos</b>     |  |                           |  |           |         |
| <b>Departamento</b>       | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación               |                           |  |           |         |
| <b>Coordinación</b>       | Mesías Lema, José María  | <b>Correo electrónico</b> | jose.mesias@udc.es                             |           |         |
| <b>Profesorado</b>        | Calviño Santos, Guillermo Francisco<br>Mesías Lema, José María                             | <b>Correo electrónico</b> | guillermo.calvino@udc.es<br>jose.mesias@udc.es |           |         |
| <b>Web</b>                | <a href="http://arte-facto.org/">http://arte-facto.org/</a>                                |                           |  |           |         |
| <b>Descrición xeral</b>   |  |                           |  |           |         |



|                             |  |
|-----------------------------|--|
| <p>Plan de continxencia</p> | <p>1. Modificacións nos contidos<br/>Non hai modificacións</p> <p>2. Metodoloxías<br/>? Discusión dirixida (computa na avaliación)<br/>? Traballos tutelados (con Atención personalizada) (computa na avaliación)<br/>? Atención personalizada</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican<br/>Non cambian</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br/>? Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.<br/>? Moodle: Semanalmente. Segundo a necesidade do alumando.<br/>? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade.<br/>De 1 a 2 sesións semanais en pequeno grupo (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación<br/>Traballos tutelados (100%): En relación cos traballos tutelados valorarase:<br/>? A adecuación metodolóxica das propostas de traballo.<br/>? A profundidade do contido.<br/>? O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas socioeducativas.<br/>? O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar.<br/>? A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.<br/>? A presentación e a claridade da exposición.</p> <p>*Observacións de avaliación:<br/>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que:<br/>? As referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial.</p> <p>1. SITUACIÓNS:<br/>A) Alumnado con dedicación completa:<br/>Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:<br/>a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (100%).<br/>B) Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/212):<br/>Asistencia/participación nas actividades de clase mínima do 80%:<br/>a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (100%).</p> <p>2. REQUISITOS PARA SUPERAR A MATERIA:<br/>1. Asistir e participar regularmente nas actividades da clase.<br/>2. Obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (traballos tutelados).<br/>3. Entregar e expoñer os traballos tutelados na data que se indique.<br/>4. A oportunidade de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a de xuño.</p> |
|-----------------------------|--|



5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Os materiais de traballo da materia estarán dispoñibles en Moodle.



| Competencias / Resultados do título |   |
|-------------------------------------|---|
| Código                              | Competencias / Resultados do título   |
| A2                                  | (CE-G2)Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe.   |
| A4                                  | (CE-G4)Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes  |
| A5                                  | (CE-G5)Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas   |
| A6                                  | (CE-G6) Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país   |
| A8                                  | (CE-G8)Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá   |
| A9                                  | (CE-G9)Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia |
| A11                                 | (CE-G11)Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.  |
| C3                                  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.                                     |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.   |
| C8                                  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.   |

| Resultados da aprendizaxe   |                   |                                     |     |
|---|-------------------|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe   |                   | Competencias / Resultados do título |     |
| Xestionar fontes de información baseadas en novos medios tecnolóxicos. Crear, edita e compartir material de apoio educativo mediante novas tecnoloxías. | AP4               |                                     | CM3 |
| Coñecer as novas tecnoloxías da información e as comunicacións e o seu uso diario no ensino das artes plásticas e visuais.                              | AP2               |                                     |     |
| Desenvolver actividades de aula co uso de novas tecnoloxías, controlando procesos e obtendo resultados verificables.                                    | AP5<br>AP6<br>AP8 |                                     | CM3 |
| Coñecer contextos e situacións en que se utilizan ou aplican os diversos contidos curriculares.   | AP4               |                                     | CM3 |
| Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.   | AP9               |                                     | CM3 |
| Coñecer e aplicar propostas didácticas innovadoras no campo da especialización.   | AP11              |                                     |     |
| Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver os problemas que deben enfrontar.                            | AP5               |                                     | CM6 |
| Valorar a importancia da investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.                  |                   |                                     | CM8 |

| Contidos   |  |
|--|--|
| Temas  | Subtemas   |
| 1. Compartir os recursos e materiais.                                    | Os recursos elaborados por outros docentes                                 |
| 2. Materiais propios das novas tecnoloxías. Diferenzas cos tradicionais. | Os materiais tradicionais e os de nova creación. Diferenzas e similitudes. |
| 3. Elaboración de recursos en colaboración a distancia.                  | Elaboración de recursos para compartir a través da rede.                   |

| Planificación            |                           |   |                         |              |
|--------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas    | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Estudo de casos          | A5 A6 C3                  | 2                                       | 6                       | 8            |
| Aprendizaxe colaborativa | A4 A5 A8 A9 C6 C8         | 8                                       | 10                      | 18           |
| Obradoiro                | A2 A5 C3 C6 C8            | 7                                       | 22                      | 29           |
| Discusión dirixida       | A11                       | 1                                       | 1                       | 2            |



|                        |             |    |   |    |
|------------------------|-------------|----|---|----|
| Presentación oral      | A2 A5 A8 C8 | 3  | 3 | 6  |
| Atención personalizada |             | 12 | 0 | 12 |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías             |   |
|--------------------------|---|
| Metodoloxías             | Descrición  |
| Estudo de casos          | Análise de plataformas de comunicación que comparten recursos e materiais.        |
| Aprendizaxe colaborativa | Elaboración de entornos de comunicación e colaboración                            |
| Obradoiro                | Elaboración de estratexias de comunicación. Adecuación aos destinos establecidos. |
| Discusión dirixida       | Tratar os temas en colaboración e discusión común.                                |
| Presentación oral        | Defensa e debate sobre o traballo desenvolvido.                                   |

| Atención personalizada |   |
|------------------------|---|
| Metodoloxías           | Descrición  |
| Obradoiro              | Trato directo con cada alumno sobre as propostas particulares. Busca da dirección correcta. |
| Estudo de casos        | Traballo colaborativo.  |

| Avaliación               |                           |   |               |
|--------------------------|---------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías             | Competencias / Resultados | Descrición  | Cualificación |
| Aprendizaxe colaborativa | A4 A5 A8 A9 C6 C8         | Capacidade de traballar en conxunto obtendo resultados axeitados aos fines propostos. | 30            |
| Obradoiro                | A2 A5 C3 C6 C8            | Traballo en colaboración na aula e a través das redes sociais.                        | 50            |
| Estudo de casos          | A5 A6 C3                  | Valoración da análise dos contos alleos.  | 20            |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
|-------------------------|



Sen dúbida, existen infinidade de formas e maneiras de avaliar, tantas como metodoloxías de ensino-aprendizaxe. Nesta guía docente plantexouse a educación como un proceso artístico, polo que a avaliación que aquí se plantexa, coherentemente, mana desde esta perspectiva. Deste xeito, tal e como plantexa Eisner (1995: 188), "a avaliación é unha ferramenta educativa mediante a cal pode exercerse a intelixencia profesional en beneficio dos estudantes". Isto ven a demostrar que avaliar é cuestión de dous implicados: estudantes e o profesor, polo que os criterios deben ser reflexionados e acordados en grupo. Ademais, en ocasións se lles pedirá ao alumnado que elaboren autoavaliacións, mediante unha reflexión persoal e crítica dos procesos que experimentaron. Como se pode intuír, esta materia implica un compromiso forte do estudante co seu propio proceso de aprendizaxe artístico. Deste xeito a asistencia a clase resulta necesaria, non como unha obrigaón -que tamén o é no espazo europeo de educación superior-, dado que os procesos viviranse na propia aula e o transcurso da materia írase construíndo entre todos. A asistencia non é un formalismo, senón que se exige a participación activa e crítica do alumno dentro da aula. Tendo en conta isto, como criterios de calificación, haberá que aprobar todos os proxectos por separado para superar a materia. Na calificación final, a parte da nota media obtida nos tres proxectos, de maneira cualitativa terase MOI EN CONTA o grado de implicación do alumnado, de experimentación, de autoexigencia, de satisfacción persoal así como a capacidade de síntese e reflexiva do estudante ao longo do curso.

Para iso, a avaliación será continua e mediante a presentación de traballos. O alumnado con dispensa académica, será avaliado mediante exame.

Plaxio: aplícase o artigo 14.4 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario: "na realización de traballos, o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento".

### Fontes de información

|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Álvarez Rodríguez, M. D., Bellido Márquez, M. D. C., &amp; Atencia Barrero, P. (2019). Enseñanza artística mediante TIC en la Educación Secundaria Obligatoria?: análisis de herramientas docentes en línea.. RED. Revista de Educación a Distancia</li> <li>- Lughì, G. (2014). Digital Media and Contemporary Art.. Mimesis Journal. Scrittura Della Performance</li> <li>- Capasso, V., &amp; Jean, M. J. (2013). LAS TIC EN LAS PROPUESTAS DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA Una reflexión desde la Cultura Visual Contemporánea.. Question</li> <li>- Editorial (2017). The Serious Relationship of Art and Technology . Widewalls. <a href="https://www.widewalls.ch/magazine/the-serious-relationship-of-art-and-technology">https://www.widewalls.ch/magazine/the-serious-relationship-of-art-and-technology</a></li> </ul> <p>Plataformas web de comunicación educativa. Decretos curriculares das materias da especialidade. Programacións didácticas de departamentos de artes.</p> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |  |

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Deseño curricular e didáctica das artes plásticas e visuais/652611B21

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

#### Materias que continúan o temario

### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

